



PRIMERO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 13/2019

CARÁCTER: Extraordinario

## ANUNCIO

Con data 10 de outubro de 2019, o Sr.Alcalde ditou resolución do tenor literal que se indica:

### **"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO**

*De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía RESOLVE:*

*PRIMEIRO.- Convocar á sesión extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o día 16 de outubro, ás 09:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello motivada na necesidade de dar cumprimento ao recollido no Real Decreto 551/2019, de 24 de setembro, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións; a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte*

### **ORDE DO DÍA**

*Asunto único.- Designación, mediante sorteo, dos membros das mesas electorais correspondentes ás Eleccións Xerais de 10 de novembro de 2019. Proposta de Alcaldía de data 10 de outubro de 2019.*

*SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.*

*TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."*

O que se fai público para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde, Enrique Cabaleiro González.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: AALSDP9TKDD5Y4RPQ9R3D9LS | Corrección: http://concello.tui.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1